



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1786/1102

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 22 de novembro de 2024**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira  
D<sup>a</sup> Elena Espinosa Mangana  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D<sup>a</sup>. Ana M.<sup>a</sup> Mejías Sacaluga  
D. Angel Rivas González  
D<sup>a</sup> Yolanda Aguiar Castro  
D<sup>a</sup> Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Jaime Aneiros Pereira

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e sete minutos do día vinte e dous de novembro de dous mil vinte e catro e baixo a presidencia da primeira tenente de alcalde, Sra. Silva Rego, por ausencia do Excmo. Sr. Alcalde, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Rivas González, incorpórase con retraso, antes de tratar os asuntos urxentes.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Administración Municipal, Sra. Saborido Díaz, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(934).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 15 de novembro, dúas sesións extraordinarias e urxentes do 15 de novembro e extraordinaria e urxente do 19 de novembro de 2024 (advertido o erro material na data que figura na convocatoria). Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

## **2(935).- PRÓRROGA DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DE LIBROS E PUBLICACIÓNS CON DESTINO A DISTINTOS SERVIZOS E ÁREAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6738/241.**

Visto o informe xurídico do 15/11/2024 e o informe de fiscalización do 19/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 14/11/2024, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, a xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos e conformado pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### **LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241)

### **I.- ANTECEDENTES**

1.- A Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 29 de setembro de 2022**, acordou adxudicar a ATELIER LIBROS, S.A.U. os lotes 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo coas seguintes condicións:

- Lote 1 Asesoría Xurídica:

- a) O prezo máximo do lote 1 é de 2.500,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 96,15 euros, cunha porcentaxe de desconto do 10 % a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.
- b) Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.
- c) Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.
- d) Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).

- Lote 2 Servizo de Contratación:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

- a) O prezo máximo do lote 1 é de 650,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25,00 euros, cunha porcentaxe de desconto do 10 % a aplicar ao prezo fixo de cada libro/publicación.
- b) Comprométese á entrega de libros e publicacións a exame nos termos da cláusula II do PPT.
- c) Comprométese ao envío mensual de boletíns ou listados de novidades bibliográficas e/ou títulos de interese nos campos que lle sexan sinalados polo/a responsable do contrato.
- d) Comprométese a permitir a visualización previa en formato electrónico de parte do contido de libros e/ou publicacións que non se poidan entregar de forma inmediata (en casos de consulta urxente e ata un máximo anual de 10 libros ou publicacións).

2.- Os contratos formalizáronse o 7/9 de outubro de 2022 e nel se establecía unha duración de 15 meses contado a partir da última sinatura do mesmo.

3.- A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 5 de xaneiro de 2024 acordou a prórroga dun ano de duración dos lotes 1 e 2 do vixente contrato de subministro de libros e publicacións con destino aos servizos de Asesoría Xurídica e Contratación do Concello de Vigo (6.738-241), formalizado con ATELIER LIBROS, S.A.U. polo período comprendido dende o 9 de xaneiro de 2024 ao 8 de xaneiro de 2025.

4.- Con data do 23 de outubro de 2024 a técnica de Xestión da Asesoría Xurídica manifesta a súa conformidade coa prórroga do contrato. En canto ao servizo de Contratación tamén manifesta a conformidade coa prórroga.

5.- O día 31 de outubro de 2024 ATELIER LIBROS, S.A.U. accedeu a comunicación do aviso previo da intención deste concello de prorrogar o contrato dos lotes 1 e 2 para o subministro de libros e publicacións con destino aos servizos de Asesoría Xurídica e Contratación do Concello de Vigo

## II.- FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** De conformidade coa disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP), os contratos administrativos adxudicados con posterioridade á entrada en vigor da lei rexeranse por esta en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.-** O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre

que o seu aviso previo se produza cando menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, agás que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

Nos mesmos termos se regula a prórroga na cláusula 7.3 do PCAP que rexe esta contratación. O apartado 4 do Anexo I -FEC- contempla dúas prorrogas de un ano de duración cada unha.

Corresponde ao responsable do contrato propoñer ao órgano de contratación as prorrogas do contrato (cláusula 1.3 do PCAP).

**Terceiro.-** Os responsables de cada un dos lotes consideran conveniente propoñer a prórroga dos 2 lotes do contrato de subministro de libros e publicacións con destino a distintos servizos e áreas do Concello de Vigo (6.738-241) por un período dun ano toda vez que continúa a necesidade do subministro e este foi satisfactorio durante o prazo de execución, cumpríndose correctamente as condicións establecidas pola contratista.

**Cuarto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 9 de xaneiro de 2025 ao 8 de xaneiro de 2026, sendo que o prezo anual ascende a 2.500,00 euros para o lote 1 e 500,00 euros para o lote 2.

**Quinto.-** O importe da prórroga imputarase ás seguintes aplicacións orzamentarias segundo a seguinte distribución anual:

| Lote 1        | Lote 2        |
|---------------|---------------|
| 9200.220.0100 | 9206.220.0100 |

Ao terse iniciado o contrato o 9 de outubro do 2022 (nove días despois da data prevista no PCAP, por mor da tramitación do expediente) e dado que a prórroga proposta ten unha duración inferior ao prazo inicial do contrato (15 meses), prórroga anual (12 meses) que remataría a principios do mes de xaneiro do 2025, resulta preciso, a efectos dunha apropiada execución do contrato, redistribuír o importe das anualidades respecto do período da prórroga de xeito que se impute a totalidade do importe con cargo ás aplicacións orzamentarias do exercicio 2025 (art. 96 RLCAP):

|          | Importe (C/IVE)<br>Lote 1 | Importe (C/IVE)<br>Lote 2 |
|----------|---------------------------|---------------------------|
| Ano 2025 | 2500€                     | 500€                      |

### III.- COMPETENCIA



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

Segundo o previsto no apartado 4 da disposición adicional 2ª da LCSP a competencia para acordar a prórroga corresponde á Xunta de Goberno local na súa calidade de órgano de contratación.

### IV.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

En base ao anterior, e previo informe xurídico e de fiscalización da Intervención xeral **PROPONSE** á Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

#### ACORDO

**Primeiro.-** Aprobar a prórroga dun ano de duración dos lotes 1 e 2 do vixente contrato de subministro de libros e publicacións con destino aos servizos de Asesoría Xurídica e Contratación do Concello de Vigo (6.738-241), formalizado con ATELIER LIBROS, S.A.U. polo período comprendido dende o 9 de xaneiro de 2025 ao 8 de xaneiro de 2026.

**Segundo.-** Autorizar o gasto máximo dos 2 lotes a favor de ATELIER LIBROS, S.A.U. por importe de 2.500 euros para o lote 1 e 500 euros para o lote 2 (IVE incluído); imputando o devandito gasto con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

| Lote 1        | Lote 2        |
|---------------|---------------|
| 9200.220.0100 | 9206.220.0100 |

**Terceiro.-** Reaxustar as anualidades, para o período comprendido entre o 9 de xaneiro de 2025 e o 8 de xaneiro de 2026, en aras dunha eficiente execución das prestacións, de xeito que se impute a totalidade do importe da prórroga ao exercicio 2025:

|          | Importe (C/IVE)<br>Lote 1 | Importe (C/IVE)<br>Lote 2 |
|----------|---------------------------|---------------------------|
| Año 2025 | 2500€                     | 500€                      |

**Cuarto.-** Notificar esta resolución á contratista, ATELIER LIBROS, S.A.U. indicando que esta resolución é definitiva en vía administrativa e que contra ela poderá interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte á súa notificación, ou impugnala directamente ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que poida exercitar, no seu caso calquera outro que estime procedente.

Interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.”

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **3(937).- RECURSO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POR AGRUPACIÓN DEPORTIVA XOGARA CONTRA ACORDO DE DENEGACIÓN DE SUBVENCIÓN. EXPTE. 13063/224.**

Visto o informe de fiscalización de data 13/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 23/10/2024, asinado pola axente de Igualdade de Oportunidades, a xefa de Igualdade, a asesora xurídica do Servizo e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria do 31 de maio de 2024, aprobou as Bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.

A convocatoria e as bases do programa publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo. As Bases reguladoras e o extracto da convocatoria publicáronse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nas datas do 07/06/2024 e do 12/06/2024, respectivamente. O prazo de solicitudes comezou o día 13 de xuño e rematou o 26 de xuño de 2024, incluídos.

2. Conforme establece a base décima das bases reguladoras da dita subvención, as solicitudes e a documentación esixida debían presentarse exclusivamente por medios electrónicos, en cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) e d) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC). A mesma base décima establece o prazo de presentación solicitudes: 10 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

3. Presentáronse 84 solicitudes no prazo establecido a través do Rexistro Electrónico do Concello de Vigo. Entre elas, a Agrupación Deportiva Xogara, con CIF G36655033 (expte. Núm. 13063-224).

4. O Servizo de Igualdade, como órgano instrutor do procedemento, procedeu ao estudo das solicitudes presentadas en prazo, así como da documentación que debía acompañalas. Tras a revisión das solicitudes, solicitouse a documentación necesaria ás entidades que presentaron a solicitude incompleta e/ou defectuosa.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

5. Rematada a instrución do expediente, este foi remitido á Comisión de avaliación. A Comisión de avaliación reuniuse en dúas ocasións co obxecto de valorar as solicitudes presentadas conforme os criterios sinalados na base sétima da convocatoria: a sesión constitutiva o día 9 de setembro de 2024, ás 12.00 h, e 26 de setembro ás 10.00 h. Constan no expediente as correspondentes actas das ditas reunións.

6. O órgano xestor, tras a valoración da Comisión de avaliación, elaborou a proposta de acordo á Xunta de Goberno Local.

7. A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión do 4 de outubro de 2024, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*“Denegar a concesión da subvención as solicitudes presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do programa: (...)*

*b) Por non achegar a documentación requirida e non acreditar que a entidade conta co número mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual ou, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado (base décimo segunda e base quinta): Agrupación Deportiva Xogara, con CIF G36655033, expte. 13063-224”.*

8. En data 07.10.2024, enviouse a notificación adoptada na Xunta de Goberno Local á entidade *Agrupación Deportiva Xogara*, na que se lle informaba de que contra o mesma podía interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes. A entidade foi efectivamente notificada en data 08.10.2024.

9. O secretario da *Agrupación Deportiva Xogara*, con CIF nº G36655033, presenta un recurso potestativo de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, do 4 de outubro de 2024. O dito recurso ten entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo en data 14.10.2024 (documento 240312383). Posteriormente, en data 17.10.2024, ten entrada no Rexistro Xeral Municipal o mesmo escrito (documento 240316085), que se une a este expediente.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 39/2015, de 2 de outubro, de procedemento administrativo común.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

### INFORME

#### I. Con respecto ao procedemento:

1.- O artigo 123 da Lei 39/2015, de PAC, establece que: *“Los actos administrativos que pongan fin a la vía administrativa podrán ser recurridos potestativamente en reposición ante el mismo órgano que los hubiera dictado o ser impugnados directamente ante el orden jurisdiccional contencioso-administrativo.”*

O secretario da “Agrupación Deportiva Xogara” fai referencia, no seu escrito, á interposición de dito recurso de reposición, contra a denegación da subvención do Servizo de Igualdade á súa entidade.

2.- O recurso de reposición interposto polo secretario da “Agrupación Deportiva Xogara”, con CIF nº G36655033 presentouse dentro do prazo previsto no artigo 124 da Lei 39/2015 PAC.

3.- De conformidade co artigo 124 da Lei 39/2015 PAC, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do recurso de reposición será dun mes, e o órgano competente para resolver será o mesmo que ditou a resolución que se impugna, neste caso, a Xunta de Goberno Local.

4.- Asina o escrito do recurso D. Antonio Piñeiro Domínguez, secretario da entidade. Segundo a información que consta no expediente, non achega ningunha documentación que acredite que ostente a representación legal da “Agrupación Deportiva Xogara”, con CIF nº G36655033. O secretario da entidade non está lexitimado para presentar o recurso de reposición, ao non representar legalmente á “Agrupación Deportiva Xogara”, interesada neste procedemento, conforme co artigo 116 da Lei 39/2015 PAC. O escrito do recurso, por tanto, non cumpre cos requisitos formais básicos para a súa admisibilidade.

5.- Cómpre, por tanto, inadmitir o recurso de reposición presentado polo secretario da “Agrupación Deportiva Xogara”. En todo caso, e entrando no fondo do asunto, cabería desestimar o dito recurso, en base as consideracións que se expoñen a continuación.

## **II. Respecto do contido do recurso:**

1. O secretario da “Agrupación Deportiva Xogara”, D. Antonio Piñeiro Domínguez, achega un escrito dirixido á Concellería de Igualdade e Comercio, no que manifesta a súa vontade de interpoñer un recurso potestativo de reposición nos seguintes termos:

*“A Agrupación Deportiva Xogara, ven presentar un recurso potestativo de reposición contra: Concellería de Igualdade e Comercio do Concello de Vigo*

*Por negarse a conceder a subvención para actividade Lúdico Deportiva do Cachibol a esta Agrupación, alegando que esta agrupación non está inscrita en ningunha federación Deportiva.*

*A nosa alegación é que a nos solicitude de subvención reúne todos os requisitos da súa convocatoria, menos o da ficha federada. A non presentación de fichas federadas é por catro razóns:*

*1º Porque a nosa actividade con persoas Maiores non é competitiva, senón lúdica, avalada pola nova lei estatal do Deporte do 30 de setembro de 2022, que dice que o Deporte é para a Saúde das persoas e non só para a competición Deportiva.*

*2º A segunda razón é porque levamos máis de 7 anos recibindo a subvención para a nosa actividade da Concellalía de Deportes dse iste Concello e nunca nos pediron licenzia federativa algunha e sempre nos concederon a subvención solicitada.*





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

*3º A nos actividade en Vigo é para Persoas maiores, que oscilan entre os 60 e os 90 anos cumpridos, sendo na actualidade 45 Persoas mulleres e 15 Persoas Homes. E presentamos o certificado da seguridade social e da protección Civil das 60 Persoas participantes. Este ven a ser a ficha ou certificado que nos aporta validez legal coa lista das persoas participantes que lle presentamos.*

*4º A Concellalía de benestar Social de iste concello, denegounos a subvención para a nosa actividade por estar realizándose sta cunha Agrupación Deportiva Inscrita e rexistrada na Xunta de Galicia e no Concello na área dos Deportes.”*

2. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia establece no seu artigo 5 os seguintes principios na xestión das subvencións:

*Artigo 5: a) Publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación. (...)*

*Artigo 6: con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos na presente lei (...)*

*Artigo 10: Poderán obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora as persoas ou entidades que se atopen na situación que fundamenta a concesión da subvención ou nas que concorran as circunstancias previstas nas bases reguladoras e na convocatoria.*

3. As Bases reguladoras e a convocatoria específica de subvencións do Servizo de Igualdade a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual publicáronse na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e no portal de transparencia do Concello de Vigo, así como no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) nas datas do 07/06/2024 e do 12/06/2024, respectivamente.

4. As ditas bases reguladoras establecen, entre outras, o seguinte:

*Base segunda: Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable correspondan ao funcionamento da entidade solicitante e sexan ocasionados pola actividade propia desta relacionada directamente coas licenzas femininas e os motivados pola participación ou organización das actividades deportivas dos equipos con licenzas femininas. (...)*

*Base quinta: requisitos das beneficiarias: (...)*

*a) Que contén cun mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual.*

*Exceptuarase do mínimo de licenzas ás entidades que contén, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado.*

*b) Que acompañen á solicitude a documentación preceptiva establecida na base 11ª.*

*Base décimo primeira:*

(...) Para a presentación da solicitude de subvención, deberá achegarse a seguinte documentación:

*ANEXO II CERTIFICADO DA FEDERACIÓN, asinado pola secretaría e pola presidencia da federación.*

*A entidade deberá presentar un anexo II cuberto e asinado pola secretaría e pola presidencia da federación da modalidade deportiva para a que solicite a subvención. A entidade que solicite a axuda para varias modalidades deportivas deberá achegar os certificados das distintas federacións deportivas.*

5. En data 21.06.20254, a Agrupación Deportiva Xogara, con CIF G36655033 presenta solicitude da dita subvención ante a Concellería de Igualdade e Comercio no rexistro municipal (expte. Núm. 13063-224).

O Servizo de Igualdade, tras comprobar a falta de documentación necesaria para valorar a solicitude, en data 14.08.2024, requiriulle á entidade para que completase e emendase a súa solicitude, conforme ao establecido na base décimo segunda. A documentación que se lle requiriu foi a seguinte:

- Anexo I. Solicitude, asinado electronicamente pola persoa que ostenta a representación da entidade.
- Anexo II. Certificado da Federación: conforme á base décimo primeira debe achegar un certificado asinado pola secretaría e pola presidencia da federación da modalidade deportiva para a que solicite a subvención.
- Anexo III. Orzamento equilibrado de ingresos e gastos, asinado electronicamente pola persoa que ostenta a representación da entidade.
- Anexo IV. Declaración responsable, asinado electronicamente pola persoa que ostenta a representación da entidade.
- Anexo V. Certificado da composición da actual xunta directiva, asinado electronicamente pola persoa que ostenta a representación da entidade.
- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia, facendo especial fincapé nos aspectos cuantitativos e cualitativos da promoción do deporte feminino.

6. A entidade foi notificada o 19/08/2024. En data 21/08/2024, a entidade Agrupación Deportiva Xogara presentou a través do Rexistro electrónico do Concello os documentos núm. 240249874 e 240249889, nos que achegaba a seguinte documentación:

- Anexo I, III, IV e V sen a sinatura dixital da representante legal da entidade.
- Copia de póliza de seguro de responsabilidade civil da entidade con Mapfre, con efectos desde o 22.07.2022 ata o 22.07.2023.
- Copia da primeira páxina dunha póliza dun seguro de accidentes dunha entidade allea á Agrupación Deportiva Xogara. Constaba xa no expediente a copia da primeira páxina dunha póliza de seguro de accidentes da entidade con Mapfre, con efectos desde o 03.3.2024 ata 03.03.2025.
- Lista de persoas participantes da entidade, sen a sinatura da representante legal da entidade.
- Proxecto das actividades que realiza a entidade na tempada de referencia.

7. Revisada a dita documentación, compróbase que, entre a documentación que achega, non entrega a documentación requirida (anexos asinados electronicamente), e non presentou ningún certificado dunha Federación deportiva que acredite o número mínimo de licenzas deportivas femininas establecido na base 5ª.1 (anexo II). As pólizas de



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

responsabilidade civil, seguros de accidentes e o listado de persoas participantes da entidade que achega non foron requiridas pois non se establece nas bases reguladoras desta convocatoria de subvencións que deban acompañar a solicitude. A Comisión de Avaliación, por tanto, acordou propoñer á Xunta de Goberno Local a denegación da subvención a esta entidade, ao non cumprir os requisitos establecidos nas bases da convocatoria.

8. O secretario da “Agrupación Deportiva Xogara”, no seu escrito de presentación de recurso, manifesta que efectivamente non dispón de licenzas federativas, ao declarar textualmente: “*A nosa alegación é que a nos solicitude de subvención reúne todos os requisitos da súa convocatoria, menos o da ficha federada*”. Alega, a continuación, distintas razóns que motivan que esta agrupación non dispoña das fichas federativas. Non é a finalidade deste informe entrar a valorar estes motivos nin poñer en dúbida o valor nin a utilidade social da súa actividade, senón determinar se a entidade cumpre cos requisitos establecidos nas bases reguladoras da subvención que solicitou ante o Servizo de Igualdade.

9. Revisado o expediente, confírmase que esta entidade non achegou a documentación esixida na base décimo primeira das bases reguladoras da subvención do Servizo de Igualdade a entidades deportivas de Vigo para a promoción do deporte feminino na tempada 2023/2024, nin no prazo de presentación de solicitudes, nin no prazo outorgado tras o requirimento para a súa emenda. Alega o seu secretario, ademais, no seu propio escrito de solicitude de recurso de reposición, que non achegaron a dita documentación porque non cumpren cun dos requisitos establecidos nas bases reguladoras da subvención solicitada ante o Servizo de Igualdade.

### CONCLUSIÓNS FINAIS

1.- Por todo o cal, a xuízo deste órgano xestor, procedería:

- Inadmitir a trámite o recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, do 4 de outubro de 2024, presentado polo secretario da *Agrupación Deportiva Xogara*, con CIF nº G36655033, por carecer da capacidade legal de representar á entidade, e por tanto da lexitimación necesaria conforme co artigo 116 da Lei 39/2015 PAC.
- En todo caso, malia que fose admitido a trámite, e entrando no fondo do asunto, cabería desestimar este recurso de reposición, en base aos argumentos expostos neste informe.

### PROPOSTA DE ACORDO

Polo exposto, e previo informe de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“1º.- Inadmitir a trámite o recurso de reposición contra a resolución da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, do 4 de outubro de 2024, presentado polo secretario da *Agrupación Deportiva Xogara*, con CIF nº G36655033, por carecer da capacidade legal de representar á entidade, e por tanto da lexitimación necesaria conforme co artigo 116 da Lei 39/2015 PAC. En todo caso, e entrando no fondo do asunto, desestimar, con base no informe-proposta transcrito na parte expositiva deste Acordo e polos motivos que neste se indican, o recurso potestativo de reposición presentado polo secretario da entidade *Agrupación Deportiva Xogara*, con CIF G36655033 contra a resolución da Xunta de

Goberno Local do Concello de Vigo, do 4 de outubro de 2024, pola que se acordou, entre outros, *denegar a concesión da subvención as solicitudes presentadas polas entidades que de seguido se relacionan, por considerar, o órgano instrutor, que non son conformes coas bases reguladoras do programa: (...) b) Por non achegar a documentación requirida e non acreditar que a entidade conta co número mínimo de 10 licenzas femininas na tempada 2023/2024 ou do ano 2024 no caso das modalidades deportivas cuxa tempada sexa anual ou, ao menos, con 1 licenza feminina de deporte adaptado (base décimo segunda e base quinta): Agrupación Deportiva Xogara, con CIF G36655033, expte. 13063-224*”.

2º Notificar este Acordo á entidade recorrente, con indicación de que contra a resolución deste recurso non cabe ningún outro recurso administrativo, ao non ser o extraordinario de revisión nos casos establecidos no art. 125.1 da LCACAP, e de que poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo nos Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación.”

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(938).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO DE “REFORMA DE FACHADA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL NA RÚA SANTIAGO (PASEO DE ALFONSO XII)”. EXPTE. 12145/307.**

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización, ambos de data 13/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta de data 12/11/2024, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e conformado pola concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES:**

Con data 10 de setembro de 2024, a primeira tenente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de patrimonio histórico, cultura e igualdade ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE REFORMA DA FACHADA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL NA RÚA SANTIAGO (PASEO DE ALFONSO XII).

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Decreto de Alcaldía de data 08/08/2024, polo que se resolve o seguinte:

“Delegar na Primeira Tenente de Alcalde e Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico, Cultura e Igualdade, Dña. Mª del Carmen Silva Rego, e na súa concellería de patrimonio histórico, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do proxecto de obras de



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

**REFORMA DE FACHADA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL NA RÚA SANTIAGO (PASEO DE ALFONSO XII).** Tódalas xestións organizativas e procedimentais derivadas destas atribucións serán executadas polo servizo de Patrimonio Histórico.”

- Resolución da primeira tenente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de patrimonio histórico, cultura e igualdade, de data 10 de setembro de 2024 para o inicio do expediente de contratación.
- “PROXECTO DE **REFORMA DE FACHADA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL NA RÚA SANTIAGO (PASEO DE ALFONSO XII)**”, REDACTADO POLO ARQUITECTO D. ALFREDO SIRVENT SILVEIRA, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO DEZANOVE MIL CENTO SEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (119.106,80 €) e aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 23 de agosto de 2024, e que rexerá como prego de prescricións técnicas.
- Memoria xustificativa asinada o 17 de outubro de 2024 pola xefa de de Patrimonio Histórico e pola primeira tenente de alcalde e concelleira delegada da área de goberno de patrimonio histórico, cultura e igualdade, coa mesma data para a contratación das obras para a execución do PROXECTO DE REFORMA DE FACHADA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL NA RÚA SANTIAGO (PASEO DE ALFONSO XII).
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola xefa de área de Contratación e Novos proxectos o 17 de outubro de 2024.

### **II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:**

**Primeiro.-** A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os custos laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto.-** Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

En canto aos gastos correntes que se poidan derivar con posterioridade á realización das obras indícase que estas actuacións non requiren dun mantemento posterior, polo que non haberá repercusións económicas directas.

**Quinto.-** É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto.-** A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xurídica e o informe de fiscalización, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar o expediente de contratación** polo procedemento simplificado e tramitación ordinaria DAS OBRAS DE REFORMA DE FACHADA E ACONDICIONAMENTO DE LOCAL MUNICIPAL NA RÚA SANTIAGO (PASEO DE ALFONSO XII), segundo proxecto redactado polo arquitecto Alfredo Sirvent Silveira, cun orzamento base de licitación de CENTO DEZANOVE MIL CENTO SEIS EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (119.106,80 €) IVE incluído, sendo o importe correspondente ao IVE de VINTE MIL DOUS SEISCENTOS SETENTA E UN EUROS CON CORENTA E TRES CÉNTIMOS (20.671,43 €), e segundo a seguinte distribución de anualidades:

|              |                         |
|--------------|-------------------------|
| 2024         | 40.000,00 EUROS         |
| 2025         | 79.106,80 EUROS         |
| <b>Total</b> | <b>119.106,80 EUROS</b> |

**2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares** que rexerá o contrato asinado pola Xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos con data 17 de outubro de 2024.

**3º.- Autorizar o gasto** con cargo á aplicación 3360.6320010 L. MUNICIPAL PRAZA DA FONTE. RUA SANTIAGO (proxecto 24336010) por importe de 40,000,00 euros, e asumir o compromiso de dotar no orzamento do exercicio 2025, na aplicación orzamentaria 3360.6320010, crédito por importe de 79.106,80 euros

**4º.-** Para posibilitar a execución do proxecto, conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, modifícanse as porcentaxes de gastos establecidas para os importes plurianuais, en base ao disposto no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o texto refundido da Lei de Facendas Locais, quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade nun 197,77%.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

**5º.- Abrir o procedemento licitatorio** para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(939).- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE PATRÓN DA FUNDACIÓN GALICIA OBRA SOCIAL. EXPTE. 1778/1102.**

Sométese a aprobación a proposta de data 14/11/2024, asinada pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:

En data 30.10.2024 o Secretario da Fundación Galicia Obra Social solicita ao Concello de Vigo a designación dun novo patrón ou patrona por causa do vecemento do cargo do anterior patrón designado polo Concello.

Conforme os Estatutos da Fundación corresponde ao Concello de Vigo, como un dos sete concellos de Galicia de maior poboación, a designación dun patrón ou patrona no Patronato da Fundación Galicia Obra Social.

Segundo o artigo 14 dos Estatutos os Patróns da Fundación deberán ter coñecementos e experiencia en materia económica, financeira ou xurídica, ou nas materias social, cultural, científica, artística ou educativa, ou calquera outra que sexa obxecto da actividade da Fundación que lles permitan adoptar as decisións que afecten á entidade, con coñecemento dos seus posibles efectos e das responsabilidades que asuman.

En data 12.11.2024 formulouse proposta de designación de Patrón da Fundación Galicia Obra Social en representación do Concello en favor de D. Enrique Lorenzo Vila, en atención a súa formación e experiencia como Catedrático de Trompa no Conservatorio Superior de Música de Vigo, director da Agrupación Musical e Coral Atlántida de Matamá e da Coral San Mamede de Zamáns, e Presidente de Asociación de Corais Polifónica de Vigo (ACOPOVI) e da Federación de Bandas de Música de Vigo.

Trala aceptación da proposta designación por parte de D. Enrique Lorenzo Vila, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local como órgano competente para súa designación segundo o disposto no artigo 127. m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, a adopción do seguinte, **ACORDO**

**PRIMEIRO.-** Designar a D. Enrique Lorenzo Vila, Patrón da Fundación Galicia Obra Social en representación do Concello de Vigo.

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo a Fundación Galicia Obra Social.

**TERCEIRO.-** Publicar o acordo no Portal de Transparencia Municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

## **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **6(940).- REVISIÓN DE TARIFAS DE TAXI DA CIDADE DE VIGO PARA O ANO 2025. EXPTE. 4787/449.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/11/2024, asinado pola xefa do Servizo de Transportes e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

#### **I)TARIFAS VIXENTES**

As tarifas vixentes no servizo de taxi da cidade de Vigo, por resolución do Director Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia, con data 19 de decembro de 2023, son as seguintes:

##### **TARIFA 1 ( días laborables de 6,00 a 22.00 horas)**

| Concepto  | Euros (IVE incluído) |
|---|----------------------|
| Tarifa mínima (1.700 metros ou tempo equivalente )  | 4,10                 |
| Qm. percorrido  | 1,10                 |
| Hora de espera  | 23,05                |
| Suplemento aeroporto  | 5,12                 |
| Suplemento Ifevi  | 3,58                 |
| Maletas y vultos análogos( con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias ) | 0,65                 |

##### **TARIFA 2 domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)**

| Concepto   | Euros |
|--|-------|
| Tarifa mínima (1100 metros ou tempo equivalente )  | 4,35  |
| Qm. percorrido   | 1,25  |
| Hora de espera   | 25,10 |
| Suplemento aeroporto   | 5,12  |
| Suplemento Ifevi   | 3,58  |
| Maletas y vultos análogos( con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias) | 0,65  |

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro ( dende as 00.00 ata as 10.00 ): 2.55€

Suplemento por persoa a partir da sexta praza : 0,59 €





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

### II) PROPOSTA CONTIDA NA SOLICITUDE PRESENTADA

En data 16 de setembro de 2024, D. Emilio Mosquera Rodriguez, como Presidente da Sociedade Cooperativa Galega de Auto-taxi e Gran turismo de Vigo e provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos do Taxi de Pontevedra, presenta solicitude de revisión de tarifas ( IVE incluído) para o ano 2025 co seguinte contido :

#### **TARIFA 1**( días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

| Concepto  | Euros (IVE incluído) |
|---|----------------------|
| Tarifa mínima (1.700 metros ou tempo equivalente )  | 4,21 ( 4,20 )        |
| Qm. percorrido  | 1,13                 |
| Hora de espera  | 23,67                |
| Suplemento aeroporto  | 5,26                 |
| Suplemento lfevi  | 3,67                 |
| Maletas y vultos análogos( con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias ) | 0,67                 |

#### **TARIFA 2** domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e ser-vizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

| Concepto   | Euros(IVE incluído) |
|--|---------------------|
| Tarifa mínima (1100 metros ou tempo equivalente )  | 4,47 ( 4,50 )       |
| Qm. percorrido   | 1,29                |
| Hora de espera   | 25,78               |
| Suplemento aeroporto   | 5,26                |
| Suplemento lfevi   | 3,67                |
| Maletas y vultos análogos( con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias) | 0,67                |

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro ( dende as 00.00 ata as 10.00 ): 2,62€

Suplemento por persoa a partir da sexta praza : 1.00 €

A solicitude formulada segundo describen supón unha subida da tarifa dun 2,7 %; e a fin de axustar os importes da contía mínima na tarifa 1 e evitar céntimos soltos, propoñen un importe exacto ,solicitando que a contía mínima sexa de 4,20 en vez de 4,21; e na tarifa 2, un importe de 4,50 en vez de 4,47 .

Citan outros factores que xustificaría o incremento solicitado, como o incremento dos prezos dos carburantes que no que vai de ano na Comunidade autónoma de Galicia experimenta un alza dun 0,2% pero o que va de ano 2024 e dun 2,1% , e o incremento desmesurado dos prezos dos seguros entre un 25% e un 75%

Manifestan que son conscientes que non poder aplicar o incremento real dos custes aos clientes polo que solicitan una subida dun 2,7% as tarifas actualmente aplicables na cidade de Vigo, aínda que cos datos aportados os gastos da actividade serian superiores nun 2,28 aos ingresos esperados.

O IPC do transporte na Comunidade Autónoma Galega e dun 2,7 % e o IPC Xeral na Comunidade Autónoma de Galicia e dun 3,1%

### **III) NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

-A Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicada no D.O.G.A de 14 de xuño de 2013.

-A Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 publicada no BOPP de data 11 de marzo de 2015, e modificada por acordos plenarios de datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022 publicados no BOPP de data 24 de setembro de 2018 e 13 de abril de 2022 respectivamente.

-O Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia aprobado por Decreto 103/2018 de 13 de setembro e publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018 .

### **IV ) INFORME DO SERVIZO :**

Na Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 e modificada por acordos plenarios de datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022, no Titulo VII “ Réxime Económico” artigo 42 se establece que:

“ a prestación do servizo de taxi estará suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitiran unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial “

“ as tarifas poderán ser revisadas periodicamente o de maneira excepcional cando se producise unha variación dos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade “

“ e engade, en tanto non se fixe pola Xunta de Galicia unha estrutura harmonizada das tarifas, a oportunidade e necesidade de proceder a revisión tarifaria do servizo de taxi , debe ser xustificada polas Asociacións solicitantes , mediante a presentación dun estudio económico do sector que xustifique o incremento proposto , incremento que que una vez xustificado non poderá superara o IPC do transporte da comunidade autónoma galega “

No artigo 40 nº 1, 2 e 3 da Lei de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia, se establece que:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

“ a prestación do servizo de taxi estará suxeita a un réxime de tarifas obrigatorias que haberán de garantir a cobertura do custo real do servizo en condicións normais de produtividade e organización e permitiran unha adecuada amortización e un razoable beneficio industrial “

“ a Consellería competente en materia de transporte en vehículos de turismo, oído o Concello Galego de Transportes, poderá establecer unha estrutura harmonizada das tarifas de taxi aplicable no conxunto da comunidade autónoma, determinando os conceptos desta estrutura, cuxa cuantificación corresponderá efectuar aos concellos para os seus respectivos ámbitos competenciais.

“ as tarifas poderán ser revisadas periodicamente o de maneira excepcional cando se producise unha variación dos custos que altere significativamente o equilibrio económico da actividade “

E no numero 4 do citado artigo se establece que:

“as tarifas de aplicación aos servizos urbanos de taxi serán fixadas polos concellos”

De conformidade co disposto no artigo 46 nº 1 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018:

“ De acordo co establecido no artigo 40.3 da Ley 4/2013 de 30 de maio , as tarifas poderán ser revisadas por períodos que serán anuais con carácter xeral. En este sentido, as tarifas aprobadas e/o as súas revisións entrarán en vigor e serán exixibles as persoas usuarias a partir do primeiro día de xaneiro do ano posterior a sua aprobación”

E no artigo 46 nº 2 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018:

“ tamén se poderán revisar as tarifas excepcionalmente cando se produza unha variación nos custes que altere significativamente o equilibrio económico da actividade. Estas revisións excepcionais no estarán suxeitas a limitacións temporais para entrar en vigor.”

Como queira que a Xunta de Galicia aínda non establezo unha estrutura harmonizada das tarifas de taxi aplicable no conxunto da comunidade autónoma galega, para a revisión de tarifas estarase ao disposto no artigo 42 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo.

### **PROPOSTA FORMULADA : ESTUDO ECONÓMICO**

Na proposta formulada pola Sociedad Cooperativa Gallega de Auto-taxis y Gran turismo de Vigo y provincia de Pontevedra e da Asociación Provincial de Autopatronos del Taxi de Pontevedra, xustifican o incremento solicitado mediante a presentación dun estudio económico do sector facendo un estudo sobre os custes do servizo no ano 2024 ( 42.225,36 ) e que comparados cos custes do ano 2023 ( 38.797,32), obrantes no expediente de revisión de tarifas para o ano 2024 supón un incremento dun 8,91%, e propoñen aplicar para a revisión das tarifas vixentes, un 2,7 %, porcentaxe que segundo describen, e moi inferior ao incremento dos gastos, pero consideran que non poden repercutir a totalidade do incremento que procedería, aos usuarios do taxi. Polo exposto, procedese a analizar os custes de actividade presentados :

## **ESTUDO DE CUSTES DO ANO 2024**

### **1 CUSTES DE PERSOAL**

#### **SALARIO MENSUAL**

ANO 2024: 1323,00 € por 12 mensualidades = 15.876,00

#### **RÉXIME DE TRABALLADORES AUTÓNOMOS**

ANO 2024: Réxime Especial de Traballadores Autónomos Ano 2024= 3.571,00 €

TOTAL CUSTES DE PERSOAL ANO 2024 : 19.447,92 €

### **2 CUSTES DE EXPLOTACIÓN**

|  |            |
|--|------------|
| Imposto Municipal de Vehículos.....      | 143,88 €   |
| ITV Vehículo e taxímetro.....            | 67,22 €    |
| Seguro Vehículo, custe medio .....       | 2.400,00 € |
| Varios (asesoría –xestoría.....)         | 500,00 €   |
| Outros Gastos (asociación, compras)..... | 300,00 €   |
| Impostos .....                           | 600,00 €   |
| Emisora Radiotaxi .....                  | 1.020,00 € |

TOTAL GASTOS DE EXPLOTACIÓN ANO 2024: 5.031,10€

### **3 CUSTES DO VEHÍCULO**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

CARBURANTES: a un prezo medio actual de 1,60 €/litro en 2024 e un consumo del 8%, resulta:

$$1.60 \times (8/100) \times 35000 \text{ kms} = 4480,00 \text{ €}$$

ACEITE: considerando un consumo de 1 litro cada 2500 quilómetros e 15,00 € en el ano 2024, resulta:

$$35000 / 2500 \times 1 \times 15,00 = 210,00 \text{ €}$$

PNEUMÁTICOS: 1 cambio de 6 rodas ao ano a un prezo estimado de 135 € para o ano 2024 resulta:

$$135 \times 6 = 810 \text{ €}$$

AMORTIZACIÓN E INTERESES: considerando un prezo medio para un vehículo utilizado no sector con un importe de 23.000,00 € para o ano 2024 e una vida media de 6 años y un 6% de intereses, resulta:

$$23.000,00 / 6 = 3.833,33 + 1380,00 = 5.213,33 \text{ €}$$

REPARACIÓNS E MANTEMENTO: Tendo en consideración un 15 % sobre o valor de compra del vehículo, resulta:

$$23.000,00 \times 15\% = 3.450,00 \text{ €}$$

LAVADO: Un lavado integral cada 7 días a 18€, resulta:

$$365/7 \times 18 \text{ €} = 938,57 \text{ €}$$

TAXÍMETRO, MÓDULO INDICATIVO DE TARIFAS, IMPRESORA Y SISTEMA GESTIÓN DE FLOTAS cos seguintes prezos:

Año 2024

Taxímetro: 375,00 €

Indicador Luminoso: 357,00 €

Impresora: 338,80 €

Tablet / Smartphone: 200,00 €

Bluetooth: 125,00 €

Mano de Obra Instalación: 300,00 €

Calculado sobre una vida útil de 6 años =  $1695,80 / 6 = 282,63\text{€}$

TOTAL GASTOS DO VEHÍCULO = 15.384,53 €

AÑO 2024:

Gastos de Persoal: 19.447,92 €

Gastos de Explotación: 5.031,10 €

Gastos do Vehículo: 15.384,53 €

TOTAL DE GASTOS: 39.863,55 €

Marxe de beneficio empresarial 6%: 2.391,81€

TOTAL AÑO 2024: 42.255,36€

Si poñemos estas cifras en relación co ano 2023, onde os custes total eran de 38.797,32 €, nos encontramos con que o aumento dos gastos foi dun 8,91 %.

Esta cifra reflexa que o importe porcentual de subida que estamos a pedir é inferior a o que realmente subiron nosos custes de explotación.

### **INGRESOS ESTIMADOS COA TARIFA PROPOSTA**

1. Quilómetros percorridos ao ano: 35.000 Qms. De este total estableceremos una proporcionalidade sobre as horas de aplicación de cada unha das tarifas existentes, do que resulta:

Qms percorridos en Tarifa 1 (75%) = 26.250 kms.

Qms percorridos en Tarifa 2 (25%)= 8.750 kms.

2. Quilómetros percorridos en vacío: Se establece como media un 40%.

$35000 \text{ Qms} \times 40\% = 14.000 \text{ Qm/año}$  percorridos en vacío.

3. Quilómetros percorridos en servizo:

$35.000 - 14.000 = 21.000 \text{ Qm/año}$ .

4. Horas totais traballadas: Vamos a calcular un cómputo horario de 2610,00 horas/ ano, para o titular do taxi.

5. Servizos día: consideramos a proporcionalidade das horas nas cales se veñen aplicando as distintas tarifas respecto a os servizos que se realizan durante o día, resultando,

Servizos realizados en un día = 14 servizos 12

Servizos en tarifa diúrna(75%) = 10 servizos 9

Servizos en tarifa nocturna(25%)= 4 servizos. 3

6. Xornadas traballadas durante o ano:..... 290 días / ano.

7. Servizos por ano:  $290 \text{ días} \times 14 \text{ servizos/día} = 4.060 \text{ servizos}$ .

8. Duración media do servizo: 15 minutos.

9. Tempo de espera en servizo:15 %.

10. Tempo en servizo:  $4060 \times 15 : 60 = 1015 \text{ horas}$ .

11. Tempo de paradas, esperas e retornos vacío=  $2610 - 1015 = 1595,00$  horas

12. Tempo parado en servizo (ocupado)= 15% de 1015= 152,25 horas.

**INGRESOS ESTIMADOS COA TARIFA PROPOSTA E SEGUNDO OS DATOS ESTADÍSTICOS APORTADOS**



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

Ingresos por Percepción Mínima:

290 días x 10 servizos/día x 4,21 € =12.209,00 €

290 días x 4 servizos/día x 4,47 € =5.185,20 €

Ingresos por quilómetro:

\*28.794 x 0,60 x 0,75 x 1,13 € =14.641,75 €

\*28.794 x 0,60 x 0,25 x 1,29 € =5.571,64 €

Ingresos por hora de espera:

152,25 x 0,75 x 23,67 € =2.702,82 €

152,25 x 0,25 x 25,78 € =981,25 €

INGRESOS OBTIDOS COA TARIFA SOLICITADA 41.291,66 €

TOTAL INGRESOS OBTIDOS COA TARIFA SOLICITADA 41.291,66 €

TOTAL DE GASTOS PREVISTOS PARA O AÑO 2024 42.255,36€

% DIFERENCIA -2,28 %

### CONSIDERACIÓNS SOBRE A SOLICITUDE

A vista do anterior formúlanse as seguintes precisións :

1. En relación coa comprobación dos gastos de persoal se establece un salario mensual de acordo co SMI correspondente ao ano 2024 e o custe do réxime de autónomos, axústase en termos xerais á cantidade media aplicable .
2. Os custes de explotación, considéranse normais, englobando os conceptos de seguros, impostos, emisora. etc.
3. O marxe do beneficio empresarial considerase que é correcto de acordo co beneficio empresarial xeral que e dun 6 % .
4. No cambio de rodas contemplan 6 rodas o ano , considerando que o estudo debe facerse por 4 rodas polo que o importe das rodas serian 540 €
5. En relación aos custes do vehículo, pola súa significación económica no peso total de custes de actividade, é conveniente facer a seguinte análise:

De conformidade cos índices oficiais publicados polo Ministerio para la transición electrónica y el reto demográfico, sobre a evolución dos prezos do gasóleo e gasolina comprobouse que a media dos prezo do “gasóleo automoción” e “ gasolina “ do período setembro 2023 – agosto 2024 e de 158,12 €

Polo exposto debe corrrixirse o prezo dos CARBURANTES: considerando un prezo medio gasóleo de 158,12 €/litro e un consumo do 8%, resulta:

$$158,12 \times (8/100) \times 35.000 \text{ kms} = 4.427,36 \text{ €}$$

Asi mesmo debe corrrixirse o importe do cambio de pneumáticos considerando o cambio de 4 pneumáticos ao ano.

Coas correccións propostas que afectan aos custes do vehículo o importe total dos custes seria o seguinte :

ANO 2024:

Custes de Persoal: 19.447,92 €

Custes de Explotación: 5.031,10 €

Custes do Vehículo: 15.061,89 €

TOTAL DE CUSTES : 39.540,91€

Marxe de beneficio empresarial 6%: 2.372,45 €

TOTAL AÑO 2023: 41.913,36 €

Coas modificacións propostas, conclúise que os custos totais son 41.913,36 € polo que o incremento dos custes entre o ano 2024 e o ano 2023 e de 8,04%

En relación co redondeo proposto considerase que non debe admitirse debido a que o importe que abona o usuario non é con carácter xeral una única tarifa senón a suma de varios conceptos da tarifa, polo que non influiría en facilitar o pago. E en todo considerase que o redondeo debe contemplarse a baixa no seu caso

Calculando os ingresos coas propostas relativas as tarifas mínimas os ingresos previstos serian 41.219,46 €

Ingresos por Percepción Mínima:

290 días x 10 servizos/día x 4,210€ =12.108 €

290 días x 4 servizos/día x 4,45 € =5 162 €

E a diferenza entre os ingresos e os gastos serian -1,69€

Asi mesmo comprobouse que o IPC de transporte da Comunidade Autónoma Galega e dun 2,7 % no mes de xullo, ultimo índice publicado con anterioridade a data de presentación da solicitude de tarifas debendo contemplarse en tódalas revisións o IPC correspondente ao citado mes .

En relación co a tarifa a partir da 6 praza solicitan un incremento alegando os maiores custes destes vehículos , considerando que non debe admitirse por non xustificar os maiores custes destes vehículos en comparación cos normais propoñéndose a aprobación resultante de aplicar a tarifa actual o incremento do 2,7% proposto para as restantes tarifas.

A solicitude de revisión de tarifas presentada, consistente nun incremento nas tarifas vixentes dun 2,7%, ,e equivalente ao IPC do servizo de transportes da Comunidade Autónoma Galega do mes de xullo, ultimo índice publicado, polo que pode informarse favorablemente a citada proposta, ao non exceder a solicitude do citado índice de conformidade co disposto na normativa de aplicación.





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

Polo exposto considerase que de conformidade co disposto no artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo, e no artigo 46 nº 1 e nº 2 do vixente Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia, pode propoñerse a revisión das tarifas de taxi para o ano 2025 aplicándose un incremento de 2,7 % porcentaxe que e menor que o incremento dos custes da actividade 2023- 20234 que e dun 8,04 % así como equivalente ao IPC do transporte (mes de xullo ultimo publicado con anterioridade a presentación das tarifas) da Comunidade Autónoma Galega, cos prezos que se conten na seguinte proposta :

1) Informar favorablemente a revisión de tarifas de taxis da cidade de Vigo para o ano 2025, sendo os prezos propostos os seguintes:

### **TARIFA 1**( días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

| Concepto  | Euros (IVE incluído) |
|---|----------------------|
| Tarifa mínima (1.700 metros ou tempo equivalente )  | 4,20                 |
| Qm. percorrido  | 1,13                 |
| Hora de espera  | 23,67                |
| Suplemento aeroporto  | 5,26                 |
| Suplemento lfevi  | 3,67                 |
| Maletas y vultos análogos( con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias ) | 0,67                 |

**TARIFA 2** domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

| Concepto   | Euros |
|--|-------|
| Tarifa mínima (1100 metros ou tempo equivalente )  | 4,45  |
| Qm. percorrido   | 1,29  |
| Hora de espera   | 25,78 |
| Suplemento aeroporto   | 5,26  |
| Suplemento lfevi   | 3,67  |
| Maletas y vultos análogos( con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias) | 0,67  |

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro ( dende as 00.00 ata as 10.00 ): 2,62€

Suplemento por persoa a partir da sexta praza: 0,62 €

2) E en cumprimento co disposto na artigo 42 da Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo deberá darse audiencia as Asociacións Profesionais de Empresarios e Traballadores representativos do sector, e as de consumidores e usuarios.

3) Así mesmo debera darse traslado a ITV para que informe si as tarifas propostas son compatibles co funcionamento dos taxímetros.

#### **IV) TRAMITE DE AUDIENCIA**

Concedido o preceptivo trámite de audiencia ás asociacións profesionais de empresarios e traballadores do sector e ás dos consumidores e usuarios, durante o prazo concedido ao efecto, foi presentada unha alegación por D. Emilio Mosquera Rodríguez, como Presidente de la Junta Directiva de la ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE AUTOPATRONOS DEL TAXI DE LA PROVINCIA DE PONTEVEDRA e na data 23 de outubro de 2024, co seguinte contido:

*1. Que en relación al tema del redondeo debemos indicar que su motivación se basaba en que los pasos del taxímetro se hacen en saltos de 0,05cts, con lo que así lograríamos siempre un importe justo y exacto. Está también documentado que en anteriores casi siempre que se aplicaba un redondeo, se hacía a la baja. En esta ocasión pedíamos que se redondeara a la baja en la Tarifa 1 y al alza en la Tarifa 2. No obstante, y si por parte de esa área no se considera pertinente aceptar nuestra propuesta para el año 2025, solicitamos que no se aplique ningún redondeo y que se apruebe el importe exacto que sale de la aplicación de la subida porcentual del 2,7%. Así la Percepción Mínima en Tarifa 1 sería de 4,21€ y en Tarifa 2 de 4,47€. 2. Que en relación a la petición de cuantificar en 1€ el suplemento por persona a partir de la sexta plaza, en su día ya le aportamos información sobre diferentes localidad y Comunidades Autónomas donde se está aplicando.*

*En cuanto al mayor coste de los vehículos, es algo público y notorio. Si un coche turismo normal de 5 plazas tiene a día de hoy un coste entre 25000€-35000€, en un vehículo de 7 plazas apto para ser autorizado como servicio público superamos los 50000€. Además debemos darnos cuenta que todos los vehículos de 7 plazas que se están autorizando son de alta gama, de la marca Mercedes Benz, con lo que ya estamos hablando de vehículos que superan los 60.000€. Son vehículos destinados a cubrir un segmento de población determinado y a unas necesidades de desplazamiento muy concretas. Como también resulta evidente, a mayor coste de adquisición de vehículo también va a suponer un mayor coste de mantenimiento, pues los recambios tienen un coste más elevado.*

*Por todo ello, ratificamos la petición de establecer ese simbólico suplemento de 1,00€ por persona a partir de la sexta plaza.*

En resposta as alegacións presentadas informase o seguinte:

Considerase que o redondeo proposto non debe admitirse debido a que o importe que abona o usuario non é con carácter xeral a tarifa mínima, senón a suma de varios conceptos



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

da tarifa, polo que non influiría en facilitar o pago, e desta forma non supón un incremento para o usuario, non obstante admítase a alegación en relación a que se aprobe a contía resultante sen redondeo a baixa por ser o que resulta da aplicación do porcentaxe de incremento proposto.

En relación co a tarifa a partir da 6 praza solicitan un incremento dende 0,61 € até un1 € alegando os maiores custes destes vehículos, e si ben os custes do vehículo de 7 o mais prazas en si pode ser maior, xa esta aprobado un suplemento para este tipo de vehículos e o mesmo debe revisarse de conformidade co incremento do 2,7% proposto para as restantes tarifas.

### **V) INFORME DA INSPECCIÓN TÉCNICA DE VEHÍCULOS**

Solicitado informe a ITV sobre o viabilidade de programación do taxímetro coas modificacións propostas, informan que o tempo correspondente a tarifa 1 sería 292,17 segundos e o tempo correspondente a tarifa 2 sería 198,15 segundos, mantendo tódolos demais parámetros constantes, para que o taxímetro poida ser programado de conformidade co disposto no artigo 3.1.3.do Real Decreto159/82;

Na data 29 de outubro de 2022 a Asociación Provincial de autopatronos del taxi de la provincia de Pontevedra manifiestan que recibiron en febreiro pasado a seguinte indicación do servizo de Metroloxía da Xunta “ cando se propoñan tarifas que no se inclúan os segundos iniciais, que se poña simplemente “ os que correspondan “ que poñer mais datos que os os metros iniciais pode levar a un error na confección da tarifa .

A vista do citado escrito, e efectuada consulta na ITV, informan que a os metros lle corresponden uns determinados segundos polo que non e preciso facer figurar os segundos.

**VI ) NORMATIVA DE APLICACIÓN** -A Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia publicada no D.O.G.A de 14 de xuño de 2013.

-A Ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi na cidade de Vigo aprobada por acordo plenario de data 9 de febreiro de 2015 publicada no BOPP de data 11 de marzo de 2015, e modificada por acordos plenarios de datas 5 de setembro de 2018 e 30 de marzo de 2022 publicados no BOPP de data 24 de setembro de 2018 e 13 de abril de 2022 respectivamente.

-O Regulamento da Lei 4/2013 de 30 de maio de transporte publico de persoas en vehículos de turismo de Galicia aprobado por Decreto 103/2018 de 13 de setembro e publicado no Diario Oficial de Galicia de data 1 de outubro de 2018 .

### **VII) PROPOSTA**

En consecuencia e de conformidade co disposto na lei 4/2013 de persoas en vehículos de turismo de Galicia así como no artigo 42 da vixente ordenanza municipal reguladora do servizo de taxi da cidade de Vigo aprobada na sesión plenaria de data 9 de febreiro de 2015 a Orde de 26 de febreiro de 1993, Real Decreto 1634 de 1980, así como o Decreto da Xunta de Galicia 106/84 de 24 de maio sométese á consideración dá Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación, o seguinte :

### **ACORDO**

**PRIMEIRO:** Desestimar en parte a alegación formulada pola Asociación Provincial de Autopatronos del Taxi de la Provincia de Pontevedra na data 23 de outubro de 2024 en resposta ao tramite de audiencia concedido no expediente de revisión de tarifas, relativa ao redondeo das tarifas correspondentes as tarifas mínimas 1 e 2 a baixa e a alza, polos motivos expostos no informe proposta que antecede e estimala en canto a aplicación das tarifas resultantes da aplicación do porcentaxe de incremento proposto; e desestimar a alegación formulada en relación co incremento do suplemento a partir da 6 praza polos motivos expostos no informe proposta que antecede.

**SEGUNDO :** Informar favorablemente a revisión de tarifas de taxis da cidade de Vigo para o ano 2025, sendo os prezos propostos os seguintes:

**TARIFA 1**( días laborables de 6,00 a 22.00 horas)

| Concepto  | Euros (IVE incluído) |
|---|----------------------|
| Tarifa mínima (1.700 metros ou tempo equivalente )  | 4,21                 |
| Qm. percorrido  | 1,13                 |
| Hora de espera  | 23,67                |
| Suplemento aeroporto  | 5,26                 |
| Suplemento lfevi  | 3,67                 |
| Maletas y vultos análogos( con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias ) | 0,67                 |

**TARIFA 2** domingos e festivos, 24 e 31 de decembro, sábados dende as 06.00 horas e servizo nocturno de 22,00 ás 6,00 horas)

| Concepto   | Euros |
|--|-------|
| Tarifa mínima (1100 metros ou tempo equivalente )  | 4,47  |
| Qm. percorrido   | 1,29  |
| Hora de espera   | 25,78 |
| Suplemento aeroporto   | 5,26  |
| Suplemento lfevi   | 3,67  |
| Maletas y vultos análogos( con excepción das cadeiras de rodas e da primeira maleta de cada unha das persoas usuarias) | 0,67  |

Suplemento 25 de decembro e 1 de xaneiro ( dende as 00.00 ata as 10.00 ): 2,62€

Suplemento por persoa a partir da sexta praza: 0,61 €

**TERCEIRO :** Remitir o expediente á Dirección Xeral de Comercio e Consumo da Xunta de Galicia para dar cumprimento ao disposto na vixente lexislación en materia de prezos autorizados.



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

NESTE INTRE INCORPÓRASE Á REUNIÓN O CONCELLEIRO SR. RIVAS GONZÁLEZ.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

- .- Resolución do recurso de reposición relativo á convocatoria de subvencións para o desenvolvemento de festas tradicionais, patronais, gastronómicas e actividades socioculturais período 2022-2023. Expte. 9875/335.
- .- Resolución da convocatoria de subvencións para a organización de eventos deportivos de interese turístico no ano 2024. Expte. 8688/104.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

### **7(941).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN RELATIVO Á CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE FESTAS TRADICIONAIS, PATRONAIS, GASTRONÓMICAS E ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS PERÍODO 2022-2023. Expte. 9875/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 20/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 29/10/2024, asinado pola secretaria de Administración Municipal e conformado polo concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

### ANTECEDENTES

1. Con data 11 de maio de 2023 apróbase pola Xunta de Goberno Local as bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para o desenvolvemento de Festas Tradicionais, Patronais, Gastronómicas e Actividades Socioculturais período 2022 - 2023 (expte. 9712/335). A cantidade destinada a dita convocatoria ascende a 239.000 € con cargo a partida 3380.489.0000 do programa de Festas para o vixente exercicio.
2. Con data, 18 de maio de 2023 foron publicadas no BOPPO as bases reguladoras da concesión das subvencións do servizo de Festas para Festas Tradicionais e Patronais e desenvolvemento de actividades Socioculturais período 2022-2023. O prazo de presentación de solicitudes foi de 15 días hábiles, que comezou ao día seguinte da publicación do extracto no BOPPO, sendo o inicio o 23 de xuño e o remate o 13 de xullo de 2023, ambos os dous incluídos.
3. A instrución do procedemento de concesión das subvencións convocadas foi levado a cabo polo servizo de Festas.
4. A Xunta de Goberno local en sesión ordinaria de data 16.02.2024 acordou entender desistidas da súa solicitude ás entidades que consonte co establecido no artigo 20.5 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento Administrativo Común, "Se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, a entidade solicitante será requirida mediante notificación electrónica para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación, coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e archivarase o expediente". Entre estas, o Ateneo Musical de Bembrive (G36784197).
5. Dito acordo, así como o prazo de interposición do recurso, foi notificado á entidade Asociación Irmandade Ateneo Musical de Bembrive (G36784197) (notificación recibida o 01.03.2024).
6. Con data 05.03.2024 a entidade presenta recurso de reposición (código de solicitude nún. W1072322-6084) ante o órgano que dictou a resolución.
7. A Comisión de Avaliación, con data 27.05.2024, acorda que á entidade Ateneo Musical de Bembrive (G36784197) correspóndelle unha subvención por importe de 1.493,50 €.
8. O 03.06.2024 emítense informe proposta polo enxeñeiro municipal estimando o recurso de reposición e propondo a concesión dunha subvención á referida entidade por importe de 1.493,50 €.
9. O 05.06.2024 o secretario xeral do Pleno emite informe xurídico sobre o recurso de reposición interposto.
10. O 03.10.2024 o enxeñeiro municipal detecta un erro na cuantía da subvención outorgada, emitindo informe ao respecto.
11. Por resolución de 24.10.2024 da concellería delegada de área de goberno, désignase á secretaria de administración municipal, D<sup>a</sup> Pilar del Carmen Saborido Díaz, instrutora dos



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

expedientes das bases reguladoras, convocatoria e extracto de subvencións para festas tradicionais, patronais, copatronais, gastronómicas e desenvolvemento de actividades socioculturais.

12. Con data 25.10.2024 reúnese a Comisión de Avaliación acordando:

*“Esta administración de oficio detectou un erro material que se evidencia na valoración dos criterios de avaliación recollidos na cláusula sétima, en concreto nos criterios para avaliación do programa , no punto 2B).1-Viabilidade económica, valorado inicialmente con 2 puntos, cando realmente está establecida unha puntuación de 5. En conclusión, tendo en conta os gastos subvencionabeis establecidos na base segunda da convocatoria, a avaliación da solicitude á que optan ao concepto subvencionábel Liña 2, a Comisión de Avaliación acorda:*

| <b>Expte.</b> | <b>Entidade</b>            | <b>Programa</b>          | <b>Puntos</b> | <b>Importe solicitado</b> | <b>Importe concedido</b> |
|---------------|----------------------------|--------------------------|---------------|---------------------------|--------------------------|
| 9875-335      | Ateneo Musical de Bembrive | II Festival de Verán     | 53            | 2.998,47 €                | <b>768,50 €</b>          |
|               |                            | Festival de Inverno 2023 | 53            | 1.200,00 €                | <b>768,50 €</b>          |
|               |                            |                          |               |                           | <b>1.537,00 €</b>        |

*Considerase que a entidade Ateneo Musical de Bembrive (G36784197) correspóndelle unha subvención por importe de 1.537,00 € unha vez corrixido o erro detectado na puntuación outorgada no criterio de valoración 2B)1”.*

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Ao considerar que xa consta informe xurídico sobre o recurso de reposición interposto polo interesado e que a sesión da Comisión de Avaliación de 25.10.2024 só tivo como finalidade corrixir o erro detectado no importe subvencionable, segundo informou o 03.10.2024 o enxeñeiro municipal.

De conformidade co artigo 109. 2 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, *“Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos existentes en sus actos”.*

O concepto de erro de feito ou aritmético foi amplamente ponderado pola xurisprudencia, quedando caracterizado na súa doutrina como aquel que resulte ostensible, manifesto, indiscutible, implicando por si só a evidencia do mesmo, sen necesidade de maiores razoamentos e exteriorizándose prima facie, pola súa soa contemplación. Ademais, a rectificación de erros non pode supoñer a declaración de nulidade do acto que se rectifica, polo que non é unha modalidade da revisión de oficio, quedando limitado o seu uso á corrección daqueles erros que permitan a subsistencia do acto que os contén porque precisamente a súa corrección faga conforme o formulado co o pretendido.

Dado que obsérvase que só trátase dun erro aritmético, sen variación nos restantes trámites do expediente, INFÓRMASE que se axusta á normativa aplicable e remítome ao restos dos informes obrantes no expediente.

Coa conformidade do concelleiro da Área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

## PROPOSTA

**PRIMEIRO.-** ESTIMAR o recurso de reposición interposto polo Ateneo Musical de Bembrive (G36784197) contra o acordo da Xunta de Goberno Local de 16.02.2024.

**SEGUNDO.-** ACEPTAR a solicitude de subvención para as actividades “II Festival de Verán”, cun orzamento de 7.642,97 €, e “Festival de Inverno 2023”, cun orzamento de 1.490,00 €, e proceder a valoración que permita determinar a cantidade subvencionada.

**TERCEIRO.-** CONCEDER unha subvención por importe de 1.537,00 € conforme a acta da antedita Comisión de valoración, que se achega neste expediente ao Ateneo Musical de Bembrive (G36784197) pola celebración do II Festival de Verán e Festival de Inverno 2023 con cargo á aplicación orzamentaria 3380.4890000 (Transf. a Entidades e Comisións de Festas).

**CUARTO.-** Notificar a presente resolución ao Ateneo Musical de Bembrive (G36784197). Contra esta resolución que pon fin a vía administrativa conforme o artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), os interesados poderán interpoñer recurso contencioso – administrativo ante a orde xurisdiccional.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(942).- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A ORGANIZACIÓN DE EVENTOS DEPORTIVOS DE INTERESE TURÍSTICO NO ANO 2024. Expte. 8688/104.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 15/11/2024 e o informe de fiscalización do 21/11/2024, sométese a aprobación o informe-proposta do 12/11/2024, asinado pola técnica en actividades turísticas e conformado pola concelleira-delegada de Turismo, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

#### **I.- ANTECEDENTES.**





## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

Á vista da proposta de data 12 de novembro de 2024 da Comisión Avaliadora composta pola Concelleira de Turismo e a técnica do servizo de Turismo, como órgano instrutor do procedemento, consonte coa cláusula décimo terceira que regula esta convocatoria, o técnico procede a elevar a proposta á Xunta de Goberno Local en base a análise realizado por dita Comisión de Avaliación.

Establece a cláusula terceira que a cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 90.000,00€ (noventa mil euros) e segundo a cláusula oitava, unha vez valorados os criterios de puntuación de todas as solicitudes, estas ordenaranse de maior a menor a puntuación obtida, outorgándose a subvención en rigorosa orde de prelación, ata esgotar o crédito existente.

Os criterios para a concesión da subvención, de acordo co disposto na cláusula sétima, é a seguinte:

### VALORACIÓN DA PROMOCIÓN TURÍSTICA DO EVENTO DEPORTIVO.

As solicitudes valoraranse conforme aos principios de obxectividade, igualdade e non discriminación tendo en conta os seguintes criterios:

#### **1.1- Capacidade de comercialización do proxecto turístico.**

Deberá definir en memoria detalla a duración da campaña de promoción turística. Valorarase con ata un máximo de 10 puntos.

- De 1 a 5 días, valorarase ata un máximo de 5 puntos.
- De 6 a 10 días, valorarase ata un máximo de 9 puntos.
- Cando supere os 10 días valorarase con 10 puntos.

#### **1.2.- Accións de promoción.**

Deberá definir en memoria detallada o plan de promoción turística indicando o número de publicacións e os soportes, así como as publicacións que se realizaron. Valorarase con ata un máximo de 25 puntos.

- **Promoción online, (Web, Newsletter, App, canal Youtube, etc...).** Valorarase ata máximo 10 puntos.
  - Entre 5 e 10 publicacións, valorarase con ata 5 puntos.
  - Entre 11 e 20 publicacións, valorarase con ata 9 puntos.
  - Cando supere as 20 publicacións se valorará con 10 puntos.
- **Promoción en RRSS (Facebook, Instagram, Twitter, etc...).** Valorarase ata un máximo de 5 puntos.
  - Entre 10 e 20 publicacións, valorarase con ata 2,5 puntos.
  - Entre 21 e 30 publicacións, valorarase con ata 4 puntos.
  - Cando supere as 30 publicacións se valorará con 5 puntos.

- **Promoción en distintos soportes (comunicación, radio, prensa, revistas, televisión, vallas publicitarias, mobiliario urbano, rótulos, camisetas, etc...).** Valorarase con ata 10 puntos.
  - Entre 5 e 10 soportes, valorarase con ata 5 puntos.
  - Entre 11 e 20 soportes, valorarase con ata 9 puntos.
  - Cando supere os 20 soportes se valorará con 10 puntos.

### **1.3.-Ámbito da actividade promocional, rexional, autonómico, nacional ou internacional.**

Valorarase con ata 10 puntos.

- Rexional, valorarase con ata 2,5 puntos
- Autonómico, valorarase con ata 5 puntos.
- Nacional, valorarase con ata 7,5 puntos.
- Internacional, valorarase con ata 10 puntos.

### **1.4.- Antigüidade do evento deportivo de interese turístico.**

Valorarase con ata 10 puntos.

- Entre 2 e 10 anos, valorarase con ata un máximo de 5 puntos.
- Entre 11 e 15 anos, valorarase con ata un máximo de 9 puntos.
- Cando supere os 15 anos valorarase con 10 puntos.

O evento deportivo debe ter unha antigüidade mínima de 5 anos.

Para a determinación das contías concretas da subvención dos eventos deportivos de interese turístico, teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- Ente 25 e 35 puntos: 50% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 36 e 45 puntos: 75% do custe da actividade subvencionada.
- Entre 46 e 50 puntos: 100% do custe da actividade subvencionada.

A subvención máxima por evento non poderá superar os 10.000,00€, ni superar o 100% do custe da actividade subvencionada.

## **II. VALORACIÓN DAS SOLICITUDES**

As entidades solicitantes de subvención son as seguintes:

| EXPEDIENTE | ENTIDADE/EVENTO   | NIF       | IMPORTE SOLICITADO |
|------------|---|-----------|--------------------|
| 8723       | REAL CLUB NAUTICO DE VIGO/61ª EDIC. REGATA RIAS BAIXAS    | G36612752 | 10.000,00 €        |
| 8724       | CIRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO          | G36614097 | 10.000,00 €        |
| 8716       | ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO / EUROPEAN FÉILE 2024          | G27808575 | 2.500,00 €         |
| 8717       | CLUB DE CAMPO DE VIGO/CAMPEONATO DEL MUNDO PITCH AND PUTT | G36613685 | 2.000,00 €         |

Da Comisión avaliadora reunida na data 12/11/2024 se desprende que:



## CONCELLO DE VIGO

Expte. 1786/1102

1.- As solicitudes presentadas polas entidades CLUB DE CAMPO DE VIGO (CAMPEONATO DEL MUNDO DE PITCH AND PUTT) e por ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO (EUROPEAN FÉILE 2024) non reúnen o requisito da antigüidade mínima de 5 (cinco) edicións polo que segundo a cláusula quinta das bases reguladoras quedan excluída:

**(“QUINTA. - REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS.**

1. Poderán solicitar e obter estas axudas os clubs deportivos, asociacións e agrupacións deportivas, e entidades deportivas que teñan personalidade xurídica propia, carezan de ánimo de lucro e desenvolvan o seu evento deportivo na cidade de Vigo e contribúan a promoción turística da cidade, e cumpran os requisitos que establecen as presentes bases e convocatoria.

Quedan excluídas expresamente de esta convocatoria:

- As federacións deportivas.
- Os clubs pertencentes ou integrados en institucións oficiais.

2. Os eventos deportivos de interese turístico deberán ter unha antigüidade mínima de cinco edicións.”)

2.- Que os eventos presentados que cumpren cos criterios establecidos nas “BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE “SUBVENCIONS PARA A ORGANIZACION DE EVENTOS DEPORTIVOS CON FINES DE INTERESE TURISTICO NO ANO 2024” son os seguintes:

| EXPTE. | ENTIDADE/EVENTO  | IMPORTE SOLICITADO | 1.1 CAPACIDADE DE COMERCIALIZACION |                    |                     |                     |                      |                      |                        |                      |                     |                           |                      | 1.2 ACCIONS DE PROMOCION |                            |                     |                     | 1.3 - AMBITO DA ACTIVIDADE |                    |                     |                     | 1.4 ANTIGÜIDADE |  |  | PUNTOS |
|--------|--|--------------------|------------------------------------|--------------------|---------------------|---------------------|----------------------|----------------------|------------------------|----------------------|---------------------|---------------------------|----------------------|--------------------------|----------------------------|---------------------|---------------------|----------------------------|--------------------|---------------------|---------------------|-----------------|--|--|--------|
|        |  |                    | 1.1 CAPACIDADE DE COMERCIALIZACION |                    |                     | PROMOCION ONLINE    |                      |                      | PROMOCION RR SS        |                      |                     | PROMOCION OUTROS SOPORTES |                      |                          | 1.3 - AMBITO DA ACTIVIDADE |                     |                     |                            | 1.4 ANTIGÜIDADE    |                     |                     |                 |  |  |        |
|        |  |                    | 1-5 DIAS (05 ptos)                 | 6-10 DIAS (9 ptos) | > 10 DIAS (10 ptos) | 5-10 PUBLI (5 ptos) | 11-20 PUBLI (9 ptos) | > 20 PUBLI (10 ptos) | 10-20 PUBLI (2,5 ptos) | 21-30 PUBLI (4 ptos) | > 30 PUBLI (5 ptos) | 5-10 PUBLI (5 ptos)       | 11-20 PUBLI (9 ptos) | > 20 PUBLI (10 ptos)     | REGIONAL (2,5 ptos)        | AUTONÓMICO (5 ptos) | NACIONAL (7,5 ptos) | INTERNACIONAL (10 ptos)    | 5-10 ANOS (5 ptos) | 11-15 ANOS (9 ptos) | > 15 ANOS (10 ptos) | TOTAIS          |  |  |        |
| 8723   | REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO/61ª EDIC. REGATA RIAS BAIXAS | 10.000,00 €        |                                    |                    | 10                  |                     |                      | 10                   |                        |                      | 5                   |                           |                      | 10                       |                            |                     |                     | 10                         |                    |                     | 10                  | 55              |  |  |        |
| 8724   | CIRCULO CULTURA, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO        | 10.000,00 €        |                                    |                    | 10                  |                     |                      | 10                   |                        |                      | 5                   |                           |                      | 10                       |                            |                     |                     | 10                         |                    |                     | 10                  | 55              |  |  |        |

Por todo o exposto, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Outorgar as subvencións para a organización de eventos deportivos con fines de interese turístico no ano 2024 ás entidades e cos importes que se sinalan na seguinte táboa, dispendo o gasto con cargo á partida orzamentaria [4320.4800001](#) “subvencións, eventos e actividade, patrocinio” da Concelleira de Turismo do orzamento en vigor.

| EXPEDIENTE | ENTIDADE/EVENTO  | NIF       | IMPORTE SOLICITADO |
|------------|--|-----------|--------------------|
| 8723       | REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO/61ª EDIC. REGATA RIAS BAIXAS | G36612752 | 10.000,00 €        |
| 8724       | CIRCULO CULTURAL, MERCANTIL E INDUSTRIAL DE VIGO       | G36614097 | 10.000,00 €        |

Segundo.- Desestimar ás solicitudes presentadas polas entidades CLUB DE CAMPO DE VIGO (*CAMPEONATO DEL MUNDO DE PITCH AND PUTT*) e por ESTIBADORES FÚTBOL GAÉLICO (*EUROPEAN FÉILE 2024*), por non reunir o requisito da antigüidade mínima de 5 (cinco) edicións, conforme a cláusula quinta das bases reguladoras das subvencións, aprobadas en sesión da Xunta de Goberno Local de 23.08.2024.

Terceiro.- Notificar o acordo a tódolos interesados, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra el poderán interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

Cuarto.- Ordear a publicación da concesión das subvencións na Base de Datos Nacional de Subvencións, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo ([www.vigo.org](http://www.vigo.org)) as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario/a, cantidade concedida e programa subvencionado, aos efectos do disposto nos artigos 20 LXS e 35 do RLXS, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

### **ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **9(943).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas quince minutos. Como secretaria dou fe.

PDS/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,  
Patricia Rodríguez Calviño.

A PRIMEIRA TENENTE DE ALCALDE (RA 21/11/2024)



**CONCELLO DE VIGO**

Expte. 1786/1102

M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego.